

Secretaría / Concello de Viveiro

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
SETE DE AGOSTO DE 2017.
EXPTE. 4534/2017.**

ASISTENTES:

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA.
D. JESUS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
D^a. LARA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA
D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ

SECRETARIO ACCIDENTAL:

D. JOSÉ VIVERO RUSSO

INTERVENTOR POR DELEGACIÓN:

D. SERGIO AGUADO DELICADO

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, ás 13:30 do 7 de agosto de 2017, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a do Secretario Accidental, José Vivero Russo, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan verbalmente a súa asistencia os concelleiros D. Jesus Antonio Fernández Cal e D^a. Maria Isabel Rodríguez López

Á hora sinalada para este acto pola Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE 31-07-17 E 02-08-17.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1. Prestar aprobación á acta da sesión de 31 de xullo de 2017, coa corrección de erros que figura no punto 5 desta acta.
2. Prestar aprobación á acta da sesión de 2 de agosto de 2017.

2.- ESCRITOS E COMUNICACIONES.

EXPTE. 4533/2017.- NÚMERO PARA VIVENDA.

Visto o escrito de D^ª. Elena Yara Penabad Saavedra, con domicilio a efectos de notificación na Feira de Galdo, nº 45, Galdo, en Viveiro, no que solicita a asignación de número para a vivenda situada na Feira de Galdo (Tras da Feira), parroquia de Galdo, Viveiro.

Visto o informe emitido o 1 de agosto de 2017 pola encargada do Negociado de Estadística, no que se sinala que a vivenda está situada no devandito lugar, e no libro de numeración se observa que os números pertencen á entidade de Vilar, polo que lle correspondería: GALDO - TRAS LA FEIRA, N^º 52.

A Xunta de Goberno Local, con base á proposta de resolución da encargada do negociado de Estadística, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Asignarlle á devandita vivenda o seguinte número de goberno:

GALDO - TRAS LA FEIRA, N^º 52.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Estadística para a súa notificación ó interesado.

3.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

EXPTE. 3356/2017.-

Visto o escrito presentado por dona *Angelina Trigo Portela*, con rexistro de entrada municipal núm. 3021, de 22 de maio de 2017, no que manifesta o seu interese en promover un convenio con este Concello para o acondicionamento do camiño público que parte da chamada Fonte Vella en Rúa José Riveiro, co fin de poder acceder a parcela da súa propiedade, sita en Brieiro, parroquia de Faro, con número 64 do polígono 4 do catastro de rústica. No devandito escrito a asinante explica que este camiño ten un piso solto de terra e pedra sin compactar e sen nivelar, que en caso de choiva convírtese nun barrizal deslizante, con pendente pronunciada, e que, polo tanto, non é practicable.

Vista a memoria xustificativa do Convenio de Colaboración entre o Concello de Viveiro e dona *Angelina Trigo Portela*, asinada dixitalmente o 28 de xullo de 2017, pola arquitecta técnica da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico, dona *Irene Fernández Cora*, que literalmente transcrita di:

“1.- Con data 22 de maio de 2017, ten entrada no rexistro do Concello escrito de Angelina Trigo Portela relativo a acondicionamento de camiño público denominado “Carreiro de Brieiro” no lugar denominado o Brieiro- Area. Dito camiño parte da denominada Fonte Vella na rúa José Riveiro de Brieiro- Faro.

2.- Que o camino denominado “Carreiro de Brieiro”, está no inventario municipal no FOLIO 1, NUMERO DE GRUPO 7-05, NUMERO DE ORDE NO LIBRO DE INVENTARIOS E BALANCES 33. Ten unha lonxitude aproximada de 70 mts e unha anchura de 2 mts.

3.- Que o camiño referenciado ten unha gran pendente, non está pavimentado e non está dotado de recollida de pluviais caendo a escorrentía en caso de choiva directamente ó vial denominado Jose Riveiro.

4.- Que o acceso ás fincas que dan a dito vial é moi dificultoso debido o mal estado do pavimento, así como o cambio brusco de pendente.

5.- Que tendo en conta que o camiño está inventariado, e que a financiación segundo consta na solicitude anteriormente mencionada sería con cargo a Dona Angelina Trigo Portela, considerase que tanto para o Concello de Viveiro como para os particulares do lugar sería idoneo o arranxo do camiño.”

Visto igualmente o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Viveiro e doña *Angenina Trigo Portela* para a realización

Secretaría / Concello de Viveiro

das obras de acondicionamento do camiño público, denominado “*Carreiro de Brieiro*”,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a solicitude de acondicionamento do camiño público denominado “*Carreiro de Brieiro*” presentada por dna. Angelina Trigo Portela, con base na memoria xustificativa redactada pola arquitecta técnica dona Irene Fernández Cora, asinada o 28 de xullo de 2017.

Segundo.- Aprobar o modelo Convenio de Colaboración entre o Concello de Viveiro e dona Angelina Trigo Portela para realización das obras de acondicionamento do camiño.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo ao Servizo de Contratación para o seu coñecemento e efectos oportunos.

4.- RECOÑOCIMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.

EXPTE. 4253/2017.- PAGO A XUSTIFICAR.

Vista a conta xustificativa referente de fondos librados a xustificar por valor de 2.310,00 euros (referencias contables 22017001073 e 22017001074), a favor do Concelleiro de Facenda, de D. Jesús Fernández Fernández, para facer fronte ós gastos pola actuación de dúas orquestras nas Festas do Carmen 2017.

Visto o informe emitido polo Interventor por delegación de firma, asinado o 12 de xullo de 2017, no que se sinala que “(...) 2. *En virtude do establecido no artigo 190.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais: As ordes cuíos documentos non se poidan acompañar no momento da súa expedición, terán o carácter de “a xustificar” e aplicaránse ós correspondentes créditos orzamentarios. Os perceptores destas ordes de pago quedarán obrigados a xustificar a aplicación das cantidades percibidas no prazo máximo de tres meses e suxeitos ó réxime de responsabilidades que establece a normativa vixente. / 3. En ningún caso poderán expedirse novas ordes de pago “a xustificar” polos mesmos conceptos orzamentarios ós perceptores que tivesen aínda no seu poder fondos pendentes de xustificación. / 4. Entenderanse por xustificantes de gasto aqueles documentos que cumpran os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, donde se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Tamén admitiranse, tendo en conta a natureza do gasto, xustificantes que permitan acreditar a realización do pago e a identidade do perceptor, a cuantía, a data e o recibí de dita cuantía. / 5. Cando se satisfagan*

Secretaría / Concello de Viveiro

rendimentos do traballo, do capital mobiliario ou de actividades profesionais ou artísticas, o preceptor do Mandamento de pago deberá practica-las retencións en concepto de pago a conta nos termos establecidos nos artigos 147 e 148 do Regulamento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. / 6. No día da data, existe na Aplicación Orzamentaria 3340.22609 (Actividades culturais. Promoción cultural) do vixente Orzamento Xeral da Corporación, crédito suficiente para contraer o gasto ata un total de 2.310,00 €. / 7. Na documentación obrante no expediente sostense que os xustificantes deste libramento non poden obterse no momento de facer os pagos. / 8. A expedición de ordes de pago a xustificar acomodarse ó plan de disposición de Fondos da Tesourería, tal e como establece o artigo 69.2 de RD 500/1990, de 20 de abril. / (...)"

Visto que igualmente que no informe do Interventor por delegación, asinado dixitalmente o 1 de agosto de 2017, se sinala que a documentación presentada xustifica o gasto realizado de 2.310,00 euros; que os gastos efectuados correspondense coa finalidade para a que se concedeu o mandamento de pago a xustificar; que a xustificación das cantidades percibidas se produce dentro do prazo máximo de tres meses desde a percepción dos correspondentes fondos, considerándose o devandito informe favorable.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa referente ás Festas do Carmen 2017, en relación cos fondos librados a xustificar por valor de 2.310,00 euros (referencias contables 22017001073 e 22017001074), a favor de D. Jesús Fernández Fernández, para facer fronte ós gastos pola actuación de dúas orquestras nas Festas do Carmen 2017.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ós Departamentos de Intervención e Tesourería.

EXPTE. 3181/2017.-

Vista a relación de obrigas correspondentes ao expte. 3181/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 2 de xuño de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por **Autos Morán SL**, por un importe total de **660 €**, que constan no

Secretaría / Concello de Viveiro

expediente **3181/2017**.

Resultando que mediante Resolución de Alcaldía de 1 de agosto de 2017 procedeuse ao levantamento de reparo formulado pola Intervención, con base no seguinte:

“Tendo en conta que no informe referido, por parte da Intervención, se indica que:

“1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de 660 €.

2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”

Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetitivos e non consta contrato anterior para o mesmo obxecto e co mesmo acreedor.

Tendo en conta que por parte desta Alcaldía xa se deron as indicacións oportunas para proceder á realización do expediente de contratación correspondente para continuar prestando este servizo.

Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:

I. Que o artigo 217 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.

II. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.

Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN:

1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I e II.”

Resultando que pola Alcaldía, mediante resolución de 3 de xullo de 2015 acordouse delegar na XGL a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 3181/2017.

Secretaría / Concello de Viveiro

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

EXPTE. 3980/2017.-

Vista a relación de obrigas correspondentes ao expte. 3980/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 28 de xuño de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por **Autos Morán SL**, por un importe total de **330 €**, que constan no expediente **3980/2017**.

Resultando que por Resolución de Alcaldía de 1 de agosto de 2017, se procede ao levantamento do reparo formulado pola Intervención, con base no seguinte:

*“Tendo en conta que no informe referido, por parte da Intervención, se indica que:
“1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de 330 €.
2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”*

Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflecten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetitivos e non consta contrato anterior para o mesmo obxecto e co mesmo acreedor.

Tendo en conta que por parte desta Alcaldía xa se deron as indicacións oportunas para proceder á realización do expediente de contratación correspondente para continuar prestando este servizo.

Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:

I. Que o artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.

II. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto

Secretaría / Concello de Viveiro

éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.

Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN:

1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I e II."

Vista a Providencia da Alcaldía de 31 de xullo de 2017, que literalmente transcrita, di:

"Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 2 de xuño de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por Autos Morán SL, por un importe total de 660 €, que constan no expediente 3181/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 28 de xuño de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por Autos Morán SL, por un importe total de 330 €, que constan no expediente 3980/2017.

Tendo en conta que os dous reparos suspensivos se motivan na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetitivos e non consta contrato anterior para o mesmo obxecto e co mesmo acreedor.

Tendo en conta que as facturas reparadas corresponden ao servizo de transporte dende Boimente a Viveiro os xoves, 1º e 3º domingo de cada mes, considerando a conveniencia de continuar prestando este servizo.

DISPOÑO:

PRIMEIRO: Que por parte do Departamento de Contratación se proceda á realización do expediente de contratación correspondente para continuar prestando este servizo."

Resultando que pola Alcaldía, mediante resolución de 3 de xullo de 2015, acordouse delegar na XGL a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía,

Resultando que a Providencia de Alcaldía resolve que por parte do Departamento de Contratación se proceda á realización do expediente de contratación correspondente para continuar prestando este servizo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Secretaría / Concello de Viveiro

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 3980/2017.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao Departamento de Contratación para a realización do expediente de contratación correspondente.

Terceiro.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

EXPTE. 4594/2017.-

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do concelleiro de facenda referente ao expediente 4594/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

5.- CORRECCIÓN DE ERRO.

EXPTE. 4474/2017.-

Polo Concelleiro de Facenda, don *Jesús Fernández Fernández*, expónse que no punto 6 da acta da sesión da Xunta de Goberno Local de 31 de xullo de 2017, relativa a autorización e compromiso de gasto para a organización da Feira de Artesanía de Viveiro 2017, omitíuse a aprobación do Convenio de colaboración, regulador da devandita organización, solicitando se proceda á corrección do erro.

Non se producen intervencións, e a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, procede á modificación do acordo incluído no punto 6 da acta da sesión de 31 de xullo de 2017 da Xunta de Goberno Local, que queda redactado como sigue:

Secretaría / Concello de Viveiro

“Vista a proposta de gasto presentada polo Concelleiro de Facenda, coa fiscalización previa de conformidade pola Intervención, certificando a existencia de crédito, co número de expediente EXPTE. 4474/2017, para organización da Feira de Artesanía de Viveiro 2017, así como o Convenio de Colaboración que se xunta para a organización do referido evento.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a autorización e compromiso de gasto do expediente 4474/2017 para a organización da Feira de Artesanía de Viveiro na presente anualidade de 2017, así como o Convenio que se xunta ao devandito expediente, de Colaboración entre o Concello de Viveiro e a Asociación Cultural Proa de Viveiro, representada pola súa Presidenta, dona Noela Feal Jiménez, para a organización do devandito evento.

Segundo. Dar traslado do presente acordo, para os efectos oportunos, ao Departamento de Intervención, Tesorería municipal e Concelleiro propoñente da proposta de gasto aprobada, así como a Presidenta da Asociación Cultural Proa de Viveiro.”

6. - ROGOS E PREGUNTAS.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 14:00 horas do día 7 de agosto de 2017, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretario accidental dou fe.